



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Políticas Sociais e Medioambientais da Empresa	Código	611G02038	
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	<p>A finalidade da materia é introducir ó alumno na análise da relación bidireccional entre empresa e entorno social e ambiental. Este estudo conleva tanto a análise da interrelación entre ética e empresa coma o dos enfoques, a planificación e avaliación da Responsabilidade Social Corporativa (RSC) ou empresarial (RSE). Por tanto, búscase unha maneira de entender a xestión empresarial atenta ás esixencias internas e do entorno. O enfoque do curso considera tanto o analítico como o esencialmente práctico: tanto a dimensión sobre a reflexión ética, social e medioambiental do funcionamento empresarial como as metodoloxías aplicadas ás empresas, o estudo de casos e incluso o encontro con profesionais ligados ás cuestións plantexadas pola materia.</p> <p>En conxunto está plantexada en dous bloques: O primeiro bloque céntrase na introdución do debate ético no campo da economía e da xestión empresarial. Xunto a elo revísanse os enfoques e estratexias da denominada Responsabilidade Social Corporativa. No segundo bloque préstase unha especial atención ós aspectos ambientais, así como se opta por adicar un amplo apartado ó estudo das empresas sociais, dada a importancia do sector e o particular carácter deste tipo de emprendemento.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.
A5	Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.
A11	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A12	Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo
B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais
B7	CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización
B8	CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.
B9	CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados
B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar os condicionantes de tipo social e ambiental ós que debe dar resposta a empresa e saber xestionar ditos condicionantes	A4	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C4 C5 C7 C8
Coñecer as implicacións éticas da actividade empresarial e ser capaz de analizalas e xestionalas axeitadamente. Dominar os aspectos relacionados ca responsabilidade social corporativa	A4 A11 A12		C4 C5 C6 C7 C8
Coñecer o funcionamento da economía social e saber analizar as características fundamentais e os procesos de actuación das empresas que actúan en dito entorno	A4 A5		C4 C5 C7 C8
Analizar os procesos de adaptación das empresas á política medioambiental e coñecer os principios básicos de sustentabilidade no eido empresarial. Coñecer os obxectivos e instrumentos de xestión ambiental pública e privada	A4 A5		C1 C4 C5 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Ética e empresa	1.1.A ética na economía e a ética empresarial 1.2.Cultura organizativa e valores éticos. 1.3.O capital social e os recursos e capacidade da empresa. 1.4.Os códigos éticos empresariais e o bo goberno corporativo 1.5.Casos prácticos
Tema 2. Responsabilidade social corporativa	2.1.Enfoques de RSC: Os stakeholders e o funcionamento da empresa 2.2.Os ámbitos de la RSC: interna e externa 2.3.As estratexias de RSC. 2.4.Casos prácticos



Tema 3. Instrumentos de xestión e medida da RSC	<p>3.1.A medición de resultados económicos, sociais e medioambientais.</p> <p>3.2.Contabilidade e información sobre desenvolvemento sostible</p> <p>3.3.Información ?triple bottom line?.</p> <p>3.4.As memorias de sustentabilidade</p>
Tema 4. Empresas de economía social	<p>4.1. Inicios, desenvolvemento e situación actual da economía social</p> <p>4.2. Teoría económica e análise económico-financieiro da empresa cooperativa</p> <p>4.3. As políticas públicas e a economía social</p> <p>4.4. Lecturas e aplicacións prácticas</p>
Tema 5. A política ambiental na empresa	<p>5.1. A política ambiental: Fundamentos, obxectivos e instrumentos</p> <p>5.2. Adaptación da empresa á política ambiental</p> <p>5.3. Empresa e cambio climático</p> <p>5.4. Lecturas e aplicacións prácticas</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A4 A5 B3 B4 B5 B6 B8 C1 C6	13	26	39
Obradoiro	A11 A12 B3 B7	4	0	4
Sesión maxistral	A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B10 C4 C5 C6 C7 C8	17	51	68
Proba obxectiva	A11 B2 B3 B4	2	0	2
Análise de fontes documentais	A4 A5 B3 B4 B5 B6 B8 C1 C6	12	24	36
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Análise en clase interactiva de casos sobre o entorno social e ambiental da empresa e sobre as políticas sociais e medioambientais das empresas
Obradoiro	Sesión en grupo reducido con diversas finalidades, dependendo das necesidades que se deriven do momento do curso no que se acorde desenvolver o obradoiro
Sesión maxistral	Clases expositivas sobre os temas teóricos do programa da materia
Proba obxectiva	Exame con preguntas de resposta corta sobre os contidos teóricos da materia.
Análise de fontes documentais	Análise nas clases interactivas de lecturas, textos, conxuntos de datos ou elementos similares relacionados co contido teórico da materia e que permiten profundizar no mesmo mediante exemplos concretos ou desenvolvementos teóricos de maior amplitude ca os presentados nas clases expositivas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Estudo de casos Obradoiro Sesión maxistral	A atención persoalizada ten un carácter integral no desenvolvemento da materia, sendo posible dita atención en calquera das metodoloxías empregadas na materia.

Avaliación
------------



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A4 A5 B3 B4 B5 B6 B8 C1 C6	Valoración dos análises de lecturas, textos e conxuntos de datos realizados en clase. A suma da valoración deste apartado e a do de estudo de casos terá un valor máximo de 5 puntos.	25
Estudo de casos	A4 A5 B3 B4 B5 B6 B8 C1 C6	Valoración dos estudos de casos realizados en clase. A suma da valoración dos estudos de casos e do análises de fontes documentais terá un valor máximo de 5 puntos.	25
Proba obxectiva	A11 B2 B3 B4	Exame teórico da materia, consistente en preguntas cortas, cunha valoración máxima de 5 puntos	50

#### Observacións avaliación

Os criterios de avaliación da segunda oportunidade e da convocatoria anticipada serán os mesmos que os da primeira oportunidade. Os alumnos matriculados en tempo parcial terán as mesmas condicións de avaliación que os alumnos a tempo completo.

#### Fontes de información



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- AECA (2004). Marco conceptual de las Responsabilidad Social Corporativa. Madrid, Serie Responsabilidad Social Corporativa. Documento nº 1. y nº 3.</li> <li>- Ballester, Enrique (1990). Economía social y empresas cooperativas. Madrid, Alianza Universidad</li> <li>- Camacho, Ildelfonso et al (2006). Ética de la empresa. Bilbao, Descleé</li> <li>- Carneiro, Manuel (2009). La responsabilidad social corporativa interna. Barcelona, Esic</li> <li>- Chaves, Rafael (2012). Las políticas públicas y las cooperativas. Ekonomiaz</li> <li>- Cortina, Adela (2003). Ética de la empresa: claves para una nueva cultura empresarial. Madrid, Trotta</li> <li>- Crane, Andrew (2008). Corporate Social Responsibility: readings and cases in a global context.. London, Routledge</li> <li>- García Delgado, José Luis (dir.) (2009). Las cuentas de la economía social. Pamplona, Civitas</li> <li>- Giddens, Anthony (2010). La política del cambio climático. Madrid, Alianza Editorial</li> <li>- Grávalos, María Asunción (2002). Economía social. Oviedo, Septem Ediciones</li> <li>- Labandeira, Xavier; León, Carmelo J. y Vázquez, M<sup>a</sup> Xosé (2007). Economía ambiental. Madrid, Pearson</li> <li>- Lozano, José Felix (2004). Códigos éticos para el mundo empresarial. Madrid, Trotta</li> <li>- Monzón Campos, José Luis (dir.) (2010). Las grandes cifras de la economía social en España. Valencia, Ciriec España</li> <li>- Monzón Campos, José Luis (2012). Las cooperativas ante la globalización: magnitudes, actividades y tendencias. Ekonomiaz</li> <li>- Navarro, Fernando (2008). Responsabilidad social empresarial: Teoría y práctica. Madrid, Esic</li> <li>- Novkovic, Sonja (2008). Defining the co-operative difference. The Journal of Socio-Economics</li> <li>- Pearce, David W. y Turner, R. Kerry (1995). Economía de los recursos naturales y del medio ambiente. Madrid, Celeste Ediciones</li> <li>- Porter, M. E. y Kramer, M. R (2006). "Strategy and Society: The Link Between Competitive Advantage and Corporate Social Responsibility". Harvard Business Review</li> <li>- Vargas Escudero, Leonor (2006). Mitos y realidades de responsabilidad social corporativa en España; un enfoque multidisciplinar,. Cizur, Civitas</li> <li>- Vegara, Josep M. (dir.) (2009). El cambio climático: Análisis y política económica. Barcelona, Servicio de Estudios de la Caixa</li> </ul> <p>Aclaración importante sobre a bibliografía básica: As referenzas bibliográficas introducidas no apartado de bibliografía básica serán empregadas en maior ou menor medida ó longo das clases expositivas e interactivas do curso. Aínda así poderánse proporcionar ós alumnos materiais diferentes dos que aquí figuran, tales como textos, capítulos de libros, artigos ou conxuntos de datos ca finalidade de seren analizados nas clases interactivas ou de complementar as clases teóricas. Ademáis poderáse introducir ó longo do curso bibliografía básica adicional se así o aconsella a evolución das clases ou se se publica algunha referencia bibliográfica nova ó longo dos próximos meses.</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

